

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

26.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RECUPERACIÓN DE ZONA VERDE SITUADA SOBRE O FALSO TÚNEL DA AP-9 NA PARROQUIA DE CANDEÁN. EXPTE. 153/441.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 09/04/19, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe do enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 5 de abril de 2019:

1. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	96,61
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	93,35
3	ORECO, S.A.	93,12
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	90,43
5	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	90,10
6	NAROM, S.L.	85,12
7	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	85,09
8	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	83,05
9	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	78,69



	Licitadores	Puntuación
10	HORDESCON, S.L.	77,78
11	ELSAMEX, S.A.	76,30
12	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSE S.A. - EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, S.L.	66,42
13	NATURGALIA, S.L.	43,20

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

O prazo para presentar a devandita documentación remata o día 9 de maio de 2019.

Advérteselle de que, conforme ao previsto no artigo 150.2 da LCSP, de non presentarse a documentación requirida en prazo, entenderase que retira a súa oferta, o que dará lugar a esixirlle ao licitador o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación IVE excluído en concepto de penalidade así como a imposición dunha prohibición de contratar, pola causa prevista no artigo 71.2.a do LCSP “retirar indebidamente a súa proposición ou candidatura nun procedemento de adxudicación, ou haber imposibilitado a adxudicación do contrato ao seu favor por non cumprimentar o establecido no apartado 2 do artigo 150 dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou negligencia”.

A certificación de non ter débedas de carácter tributario co concello de Vigo se obterá de oficio por esta administración.

O importe da garantía definitiva é de 23.110,51 euros.

O licitador clasificado en primeiro lugar deberá presentar copia do aval ou do seguro de caución xunto coa documentación requirida no suposto de que canxee o documento orixinal na Caixa do Concello de Vigo.


Se optan pola constitución da garantía definitiva en metálico o importe da mesma, poderán ingresaralo na seguinte conta, titularidade do Concello de Vigo:

IBAN: ES48 2080 5000 6331 1007 0132

No concepto da transferencia a realizar, deberán indicar GARANTÍA DEFINITIVA e Nº EXPTE.

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/04/2019 09:20	Páxina 2 de 3
	Expediente 153/441	CSV: 29EEC8-ACB38B-44E25B-ZJ4BLP-QA5LC5-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares (“*As notificacións practicaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante*”), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

Jmv/

A Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación (por delegación-resolución 14.12.2017).- Ángela Fernández López



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 24/04/2019 09:20

Páxina 3 de 3

Expediente 153/441

CSV: 29EEC8-ACB38B-44E25B-ZJ4BLP-QA5LC5-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>